



## Activación de horario espello, curso 2020/21.

### Consideracións previas (plan de continxencia):

- Haberá unha comunicación inicial da activación do horario espello logo da comunicación de algún positivo no centro ou alumnado ou profesorado confinado.
- Coa fin de deixar constancia do traballo realizado, das actividades encargadas e




das probas, utilizarase a axenda virtual de actividades e probas ubicada na aula virtual, a cal é de acceso libre (persoas responsables) e indistinto para todo o alumnado da ESO e o bacharelato, inclusive os niveis EDIXGAL. Deste xeito tanto o alumnado presencial como o que estea enfermo ou confinado, poderá seguir a actividade lectiva e estar ao día das clases presencias. Para accederes á mesma escribe no teu navegador o seguinte



endereço web: <http://axenda.iesaxunqueira2.com/>

- Todo o profesorado asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia, inclusive co uso de videoconferencias.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Activar os horarios espello conforme ao seguinte: Cada sesión de 50' repartirase entre un mínimo do 60% de docencia virtual (videoconferencia activa, por webex ou falemos) e un 40 % de traballo do alumnado (aula virtual...).
- O profesorado realizará unha relación semanal de actividades do seu labor durante o ensino non presencial co alumnado que será enviada semanalmente ao correo da xefa de estudos ([olgamosjor@edu.xunta.gal](mailto:olgamosjor@edu.xunta.gal)). Este documento encóntrase dispoñible na sección COVID-19 da web do centro.



### Indicacións para o alumnado (e as súas persoas responsables):

- O alumnado conectarase a través do Webex para o seguimento das clases por videoconferencia a non ser que o profesorado teña deseñado actividades formativas alternativas a través da aula virtual.

- Para consultar os enderezos de conexión, preme na seguinte ligazón <http://webex.iesaxunqueira2.com/>.

- **Manter os mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial que o alumnado ten no ensino presencial**, polo tanto, o alumnado ten a obriga de participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación



Webex Meetings



Aula Virtual do IES A Xunqueira II

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesxunqueira2/aulavirtual>






de peche ou confinamento. A destacar:

- **Mesmo horario das clases:** comezan ás 8:30h e rematan ás 14:10h ou 15h, segundo o día.
- **Evitaremos situacións inadecuadas,** tales como estar en pixama ou con batas ou mantas, decoración ofensiva, linguaxe incorrecta...
- **A linguaxe** das mensaxes ou correos electrónicos **será a correcta,** evitando símbolos ou abreviaturas típicas da Whasapp ou mesmo unha linguaxe irrespetuosa. Sempre haberá que identificarse.
- Salvo causas de forza maior, o alumnado deberá ter a **cámara acendida e o micrófono apagado.** **A gravación das clases e/ou o seu uso en plataformas externas non está permitida** e pode supor unha conduta contraria á convivencia e poderán ser **aplicadas medidas disciplinarias.**
- **Debemos evitar horarios intempestivos** (pola tarde ou noite) ou mesmo fines de semana ou festivos e consultas redundantes, para o que utilizaremos preferentemente os foros fronte aos correos electrónicos.
- Ante a utilización de axuda externa durante a realización dunha proba a través de videoconferencia poderán ser aplicadas medidas disciplinarias.



### Indicacións para o profesorado:

- Para o uso das videoconferencias Webex procederase do seguinte xeito:
  - Se utilizamos un portátil de aula coa maqueta abalar, utilizarase a icona



habilitada no escritorio. Só funciona ben con esta icona, co resto de navegadores da problemas de audio e/ou video.

○ Se utilizamos un dispositivo con Windows, Android ou IOS, utilizarase a icona da web do centro ou picando na seguinte ligazón: [http://webex.iesaxunqueira2.com/..](http://webex.iesaxunqueira2.com/)

• No caso de ter problemas de audio, revisarase a configuración conforme a seguinte captura de pantalla.

• Utilizarase preferentemente o encerado dixital interactivo coa compartición de escritorio coa fin de que vexan desde casa o que

estamos a facer na clase.

- Se persisten os problemas técnicos, contactade con calquera membro do equipo TIC.

